



A RUD REIVINDICA A NECESIDADE DE APOSTAR POR POLÍTICAS DE DIVERSIDADE

(Miraflores de la Sierra, 26/06/2023). Corenta universidades españolas participantes no *II Encontro da Rede de Universidades pola Diversidade*, sendo anfitriñas a Universidade Autónoma de Madrid (UAM) e a Universidade Rey Juan Carlos (URJC), reiteramos o noso compromiso polo respecto á diversidade desde unha perspectiva interseccional.

Durante as xornadas *Políticas de diversidade sexual e de xénero, por procedencia, cultura, crenza e affins* reflexionamos sobre cales son as casuísticas en materia de igualdade e diversidade en cada universidade e posto en común propostas para abordar os novos marcos legislativos da Lei Orgánica do Sistema Universitario, a Lei de Ciencia, Innovación e Tecnoloxía, a Lei de Convivencia Universitaria, a Lei para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI e a Lei Integral para a Igualdade de trato e a non discriminación.

Desde a RUD celebramos que a LOSU recolla a obrigaición das universidades de contar entre as súas estruturas básicas con Unidades de Diversidade e emprace ás universidades para dotalas dos recursos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, polo que reivindicamos o seu cumprimento por parte das institucións universitarias e organismos

Dado que a nosa actividade como universidades está enfocada á investigación, a docencia e a transferencia, debemos fomentar o coñecemento da realidade das persoas LGTBIQA+, as persoas racializadas e as persoas con diversidade funcional e cognitiva. Mediante a promoción de investigacións de calidade sobre diversidade e incluíndo na oferta formativa estes valores de forma transversal, poñendo énfase na loita contra a lgbifobia, o racismo, o antixitanismo e o capacitismo a través de campañas de sensibilización, detección e intervención.

A RUD mostra a súa preocupación polo incremento dos discursos en contra das ópticas dos Dereitos Humanos fundamentais. A Universidade como institución educativa debe continuar fomentando unha capacidade crítica, reflexiva e analítica que permita a transformación para construír unha sociedade máis habitable para toda as persoas.

A RUD non é allea á sociedade na que estamos inmersas. Por iso traballamos para que as universidades constitúanse como espazos seguros e reivindicámonos como institucións aliadas de causas sociais para poder celebrar a igualdade de dereitos e a convivencia na diversidade.

A Rede de Universidades pola Diversidade é feminista, LGTBIQA+, transincluínte, despatoloxizante, mestiza, inclusiva, progresista, ecoloxista, políglota, antirracista, anticapacitista, antipatriarcal, segue os principios de equidade e xustiza social. E sobre todo, abraza a diversidade familiar, é visible e é orgullosa.

As universidades adheridas á RUD ata o momento son as seguintes: Universidade da Coruña, Universidad de Alcalá, Universitat d'Alacant, Universidad de Almería, Universitat Autònoma de Barcelona, Universidad Autónoma de Madrid, Universitat de Barcelona, Universitat Oberta de Catalunya, Universidad Carlos III de Madrid, Universidad de Cádiz, Universidad de Córdoba, Universidad de Extremadura, Universidad Fernando Pessoa-Canarias, Universitat de Girona, Universidad de Granada, Universidad de Huelva, Universidad de Jaén, Universitat Jaume I de Castelló, Universidad de La Laguna, Universidad de La Rioja, Universidad de León, Universitat de Lleida, Universidad de Málaga, Universidad Miguel Hernández de Elche, Universidad de Oviedo, Universidad Pablo de Olavide de Sevilla, Universidad Politécnica de Cartagena, Universitat Politècnica de Catalunya, Universidad Politécnica de Madrid, Universitat Politècnica de València, Universitat Pompeu Fabra, Universidad Rey Juan Carlos, Universitat Rovira i Virgili, Universidade de Santiago de Compostela, Universidad de Sevilla, Universitat de València, Universidad de Valladolid, Universidade de Vigo e Universidad de Zaragoza

Para máis información: rud.coordinacion@gmail.com

